

### III. OUTRAS DISPOSICIÓN

#### PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

*EXTRACTO da Resolución do 29 de decembro de 2022, da Secretaría Xeral de Medios, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas económicas, en réxime de concorrencia non competitiva, dirixidas a empresas que realicen publicacións periódicas escritas integralmente en galego e se convocan para o ano 2023, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento PR858A).*

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

##### Primeiro. *Entidades beneficiarias*

1. As entidades beneficiarias destas axudas serán as empresas xornalísticas inscritas no Rrexistro Mercantil que realizasen publicacións periódicas escritas integralmente en galego durante o ano natural anterior ao da correspondente convocatoria.
2. Quedan excluídos da concesión de axudas:
  - a) Os boletíns de información interior ou de institucións.
  - b) As publicacións de organizacións políticas, empresariais, profesionais, sindicais ou de entidades públicas.
  - c) As publicacións que se distribúan como suplemento, encarte ou de forma conxunta con outra publicación.
  - d) As publicacións que, estando sometidas ao control da Oficina de Xustificación da Difusión (OXD), non presenten o certificado acreditativo da difusión expedido polo dito organismo.
  - e) As publicacións que durante o ano natural anterior ao da correspondente convocatoria non se publicasen en galego normativizado.
  - f) Aquelas publicacións que non se editasen durante o ano natural anterior ao da correspondente convocatoria ou non manteñan a súa actividade no momento da concesión da subvención.



**Segundo. Obxecto**

1. De acordo co artigo 2 do Decreto 103/1994, do 21 de abril, polo que se establecen as axudas dirixidas ás publicacións periódicas escritas integralmente en galego normativizado, estas axudas económicas teñen por obxecto a expansión e difusión do galego normativizado e da cultura nas tarefas de información xornalística.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva.

**Terceiro. Bases reguladoras**

Resolución do 29 de decembro de 2022, da Secretaría Xeral de Medios, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas económicas, en réxime de concorrencia non competitiva, dirixidas a empresas que realicen publicacións periódicas escritas integralmente en galego e se convocan para o ano 2023, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento PR858A).

**Cuarto. Importe**

A concesión das axudas reguladas nesta resolución financiarase con cargo á aplicación 04.20.461A.470.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma vixentes no ano 2023, por importe de 40.000 euros, sen prexuízo de ulteriores variacións producidas como consecuencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, nos termos do artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Quinto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2022

Silvia Valdés Díaz de Freijo  
Secretaria xeral de Medios

